

1. Tendo en conta o disposto no artigo 140 da Constitución española de 1978, cal é a afirmación que consideras correcta?

- a) O ordenamento xurídico garante a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica plena.
- b) A Constitución garante a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica propia.
- c) A Constitución garante a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica plena.
- d) A Constitución garante a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica única.

2. Cal é a lei autonómica que regula a Administración local de Galicia?

- a) Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- b) Lei 5/1997, do 24 de setembro, de Administración local de Galicia.
- c) Lei 4/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- d) Lei 4/1997, do 24 de setembro, de Administración local de Galicia.

3. De acordo co artigo 16 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, cal das seguintes afirmacións non é certa respecto do padrón municipal?

- a) A inscrición no padrón municipal deberá ser obxecto de renovación periódica cada dous anos cando se trate da inscrición de estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente.
- b) A certificación dos datos do padrón municipal que se expidan terán carácter de documento público e fidedigno para todos os efectos administrativos.
- c) Os datos do padrón municipal constitúen proba da residencia no municipio e do domicilio habitual no mesmo.
- d) A certificación dos datos do padrón municipal que se expidan non terán carácter de documento público e fidedigno para todos os efectos administrativos.

4. Atendendo ao sinalado no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nos supostos de delegación de competencias en órganos non dependentes xerarquicamente, o coñecemento dun asunto poderá ser avocado:

- a) Polo órgano superior.
- b) Unicamente polo órgano delegante.
- c) Por calquera órgano.
- d) Polo órgano delegante ou polo órgano superior.

5. En atención ao disposto no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que efecto ten o silencio administrativo nos procedementos iniciados a solicitude do interesado?

- a) Estimatorio só nos procedementos de responsabilidade patrimonial das administracións públicas.
- b) Desestimatorio en todo caso.
- c) Estimatorio en todo caso.
- d) Desestimatorio nos procedementos relativos ao dereito de petición do artigo 29 da Constitución española.

6. De conformidade co establecido no artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, cando o Concello de Redondela aproba provisionalmente unha ordenanza fiscal, onde se publicarán os anuncios de exposición pública a efectos de que as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas?

- a) Exporase no taboleiro de anuncios do concello durante 30 días, e publicarse un anuncio no Diario Oficial de Galicia.
- b) Exporase no taboleiro de edictos e publicaranse anuncios no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Boletín Oficial do Estado.

- c) Exporase no taboleiro de anuncios do concello durante 30 días, como mínimo, e publicaranse anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e nun diario dos de maior difusión da provincia de Pontevedra.
- d) No Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na sede electrónica municipal.

7. De acordo co artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal dos seguintes non é un trámite necesario para a aprobación dunha ordenanza municipal?

- a) Consulta pública previa á elaboración da norma no portal web do concello, sobre a necesidade ou conveniencia da aprobación da norma.
- b) Aprobación inicial polo Pleno da Corporación.
- c) Ditame do Consello de Contas tras a aprobación polo Pleno da Corporación.
- d) Información pública e audiencia aos interesados por prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións tras a aprobación inicial.

8. Segundo o artigo 173.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, cando pode o persoal funcionario de carreira obter a excedencia por interese particular?

- a) Cando preste servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante un período mínimo dun ano.
- b) Cando preste servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante un período mínimo dun ano inmediatamente anterior á solicitude.
- c) Cando preste servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante un período mínimo de tres anos.
- d) Cando preste servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante un período mínimo de tres anos inmediatamente anteriores á solicitude.

9. De conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, sinala a resposta que consideres correcta no caso de que unha persoa acceda por calquera título a un novo posto do sector público que de acordo con esta Lei resulte incompatible co que viñese desempeñando.

- a) Optará por un dos postos dentro do prazo de toma de posesión.
- b) Optará por un dos postos dentro do cinco primeiros días do prazo de toma de posesión.
- c) Optará por un dos postos dentro dos dous primeiros días do prazo de toma de posesión.
- d) Optará por un dos postos dentro do dez primeiros días do prazo de toma de posesión.

10. De acordo coa ordenanza municipal do Concello de Redondela reguladora da intervención urbanística municipal en obras e actividades quedarán suxeitas a licenza municipal previa de obra, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación aplicable, os seguintes actos de uso do solo e do subsolo (sinala a resposta incorrecta):

- a) Os parcelamentos, segregacións, modificacións ou calquera outro acto de división de predios ou parcelas efectuadas en virtude de proxectos de compensación, equidistribución, normalización ou similar.
- b) As intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- c) As demolicións.
- d) Os muros de contención de terras, que conteñan terra de altura, nalgún punto, superior a 1 metro.

11. En base aos artigos 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 90 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro,

polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que asistencia se require para a válida constitución do Pleno do Concello de Redondela?

- a) Asistencia de dous terzos do número legal de membros da Corporación, que nunca poderá ser inferior a tres.
- b) Asistencia dun terzo do número legal de membros da Corporación, que nunca podrá ser inferior a cinco.
- c) Asistencia dun terzo do número legal de membros da Corporación, que nunca poderá ser inferior a tres.
- d) Asistencia de dous terzos do número legal de membros da Corporación, que nunca poderá ser inferior a cinco.

12. Segundo o artigo 13 da Lei 3/1983 do 15 de xuño, de normalización lingüística, as crianças teñen dereito a recibir o primeiro ensino:

- a) En galego.
- b) En castelán.
- c) En galego e castelán.
- d) Na lingua materna.

13. En base ao artigo 24 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sinala a resposta que consideres correcta en relación aos grupos políticos municipais.

- a) Constituiranse mediante escrito dirixido ao Alcalde/Alcaldesa e subscrito por todos os seus integrantes, que se presentará na Secretaría Xeral da Corporación dentro dos dez días hábiles seguintes á constitución da Corporación.
- b) Constituiranse mediante escrito dirixido ao Alcalde/Alcaldesa e subscrito por todos os seus integrantes, que se presentará no Rexistro Xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación.
- c) Constituiranse mediante escrito dirixido ao Alcalde/Alcaldesa e subscrito por todos os seus integrantes, que se presentará na Secretaría Xeral da

Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación.

d) Constituiranse mediante escrito dirixido ao Alcalde/Alcaldesa e subscrito por todos os seus integrantes, que se presentará no Rexistro Xeral da Corporación dentro dos dez días hábiles seguintes á constitución da Corporación.

14. Tendo en conta o disposto no artigo 50.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para interpoñer o recurso especial en materia de contratación, cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo será de:

- a) Dez días naturais desde o día seguinte ao da súa publicación no perfil do contratante.
- b) Quince días hábiles desde o día seguinte ao da súa publicación no perfil do contratante.
- c) Dez días hábiles desde o día seguinte ao da súa publicación no perfil do contratante.
- d) Quince días naturais desde o día seguinte ao da súa publicación no perfil do contratante.

15. Segundo o disposto na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sinala a resposta que consideres correcta en relación ás competencias en materia de contratación das entidades locais:

- a) Corresponde ao Pleno a competencia como órgano de contratación nos contratos de subministracións, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin a contía de seis millóns de euros.
- b) Corresponde ao/á Alcalde/Alcaldesa a competencia como órgano de contratación nos contratos privados, cando o presupuesto base de licitación non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros.
- c) Corresponde á Xunta de Goberno Local nos municipios de gran poboación a competencia como órgano de contratación, para aprobar os pregos de cláusulas administrativas xerais dun contrato de servizos.

d) Corresponde á Xunta de Goberno Local nos municipios de poboación inferior a 5.000 habitantes a competencia para autorizar a redacción e licitación de proxectos independentes relativos a cada unha das partes dunha obra cuxo período de execución exceda ao dun orzamento anual.

16. Sinala a resposta correcta en relación á tramitación que poderá seguir o procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

- a) O prazo de presentación de proposicións non poderá ser inferior a 15 días naturais a contar desde a publicación do anuncio no perfil do contratante.
- b) O importe da garantía definitiva será igual ao 5% do prezo final ofertado, excluído o IVE.
- c) A formalización do contrato poderá efectuarse mediante a firma de aceptación polo contratista da resolución da adxudicación.
- d) A oferta presentarase en dous sobres no caso de que se contemplen criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.

17. En base ao artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, cal dos seguintes servizos non é obligatorio en todos os municipios?

- a) Protección Civil.
- b) Cemiterio.
- c) Rede de sumidoiros.
- d) Iluminación pública.

18. De conformidade co establecido no artigo 97 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a proposta de modificación dun ditame formulada por un membro que forma parte dunha comisión informativa dunha entidade local é:

- a) Un voto particular.
- b) Unha emenda.
- c) Unha proposición.

d) Una moción.

19. De conformidade co artigo 36 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, os actos administrativos:

- a) Produciranse por escrito e sempre a través de medios electrónicos.
- b) Cando se trate de resolucións non poderán ditarse de forma verbal.
- c) Nos casos en que os órganos administrativos exerzan a súa competencia de forma verbal, a constancia escrita do acto, efectuarase e asinará polo titular do órgano superior.
- d) Cando deba ditarse unha serie de actos administrativos da mesma natureza poderán refundirse nun único acto.

20. Conforme ao artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas non implicará a anulabilidade do acto.
- b) O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto non careza dos requisitos indispensables para alcanzar o seu fin.
- c) Son anulables os actos da Administración que incorran en desviación de poder.
- d) Son anulables os actos da Administración que teñan un contido imposible.

21. O artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que regula o trámite de información pública, establece que:

- a) É un trámite indispensable en todo procedemento.
- b) A comparecencia no trámite de información pública outorga a condición de interesado.
- c) Publicarase un anuncio no diario oficial correspondente a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente.
- d) A incomparecencia impedirá interpoñer os recursos procedentes contra a resolución definitiva do procedemento.

22. De acordo co art. 56.2 da ordenanza municipal do Concello de Redondela reguladora da intervención urbanística municipal en obras e actividades o persoal municipal adscrito á inspección e vixilancia urbanística, no exercicio das súas funcións, terá a consideración de:

- a) empregada/o pública/o.
- b) fedataria/o pública/o.
- c) axente da autoridade.
- d) todas as anteriores son correctas.

23. De acordo co disposto no artigo 120 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando deban resolverse unha pluralidade de recursos administrativos que traian causa dun mesmo acto administrativo e interpuxérase un recurso xudicial contra unha resolución administrativa ou ben contra o correspondente acto presunto desestimatorio:

- a) O órgano administrativo poderá acordar a suspensión do prazo para resolver ata que recaia pronunciamento xudicial.
- b) O órgano administrativo deberá acordar a suspensión do prazo para resolver ata que recaia pronunciamento xudicial, notificándollo aos interesados que non poderán recorrela.
- c) O órgano administrativo deberá acordar a suspensión do prazo para resolver ata que recaia pronunciamento xudicial, no caso de que así o solicite algún dos interesados.
- d) O órgano administrativo non acordará a suspensión salvo que así se acorde previamente en vía xudicial.

24. De acordo co disposto no artigo 20 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, o inventario de bens inmóbiles expresará os datos seguintes (sinala a incorrecta):

- a) Situación, con indicación concreta do lugar en que radica a leira, vía pública a que dera fronte e números que nela lle corresponse, nas urbanas, e a

paraxe, con expresión do polígono e parcela catastral, si fora posible, nas rústicas.

- b) Tratándose de vías públicas, no inventario deberán constar os datos necesarios para a súa individualización, con especial referencia aos seus límites, lonxitude e anchura.
- c) Natureza de dominio público ou patrimonial con expresión de si se tratase de bens de uso ou de servizo público, patrimoniais ou comunais.
- d) Clase de aproveitamento nas leiras urbanas.

25. De conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as ordenanzas locais que non sexan fiscais cuxa aprobación definitiva sexa competencia das entidades locais, cando entrarán en vigor?

- a) Unha vez que sexan aprobadas definitivamente polo órgano competente e publicado o seu texto no Boletín Oficial de Provincia e no Diario Oficial de Galicia.
- b) Unha vez que sexa elevado automaticamente a definitivo o acordo provisional por non ser recorrido polos interesados lexítimos.
- c) Cando se realizaron os trámites de aprobación inicial e exposición pública, consten como aprobadas definitivamente polo órgano competente, e inseriuse completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da citada Lei 7/1985.
- d) Ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

26. Respecto da práctica das notificacións a través de medios electrónicos, o artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinala que:

- a) Enténdese por comparecencia na sede electrónica, a visualización do aviso de notificación por parte do interesado ou o seu representante.
- b) A notificación entenderase rexeitada cando transcorran dez días hábiles desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

- c) Os interesados poderán acceder ás notificacións desde o Punto de Acceso Xeral electrónico da Administración.
- d) As notificacións entenderanse practicadas desde o día seguinte en que se produza o acceso ao seu contido.

27. As fases de execución do gasto de acordo co Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais son:

- a) Fiscalización previa, autorización do gasto, disposición do gasto, recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento.
- b) Fiscalización previa, autorización do gasto, disposición do gasto, recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento e realización material do pagamento.
- c) Retención de crédito, autorización do gasto, recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento.
- d) Autorización do gasto, compromiso do gasto, recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento.

28. En relación co principio de equilibrio orzamentario que rexe para os orzamentos das entidades locais, NON é correcto afirmar:

- a) A aprobación sen déficit inicial afecta a todos os orzamentos que integran o orzamento xeral.
- b) Todo incremento nos créditos orzamentarios deberá ser compensados no mesmo acto que se acorde.
- c) Toda minoración nas previsións de ingreso deberá ser compensada no mesmo acto en que se acorde.
- d) Calquera déficit que poida producirse nalgúns dos orzamentos que integran o orzamento xeral, obrigará a tomar as medidas, neste último, tendentes a pechar o exercicio económico cun orzamento xeral equilibrado.

29. Segundo a Lei 3/1983 do 15 de xuño, de normalización lingüística,o criterio de autoridade con respecto á normativa da lingua galega compete á:

- a) Xunta de Galicia.

- b) Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- c) Real Academia Galega.
- d) Instituto da Lingua Galega.

30. De acordo co establecido no artigo 7 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais:

- a) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de dezaseis anos.
- b) O tratamento dos datos dos menores de catorce anos, fundado no consentimento, será lícito aínda que non conste o do titular da patria potestade.
- c) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de catorce anos.
- d) O tratamento dos datos dos menores de dezaseis anos, fundado no consentimento, será lícito aínda que non conste o do titular da patria potestade.

31. Segundo o artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os concellos deberán aprobar obrigatoriamente ordenanzas reguladoras de:

- a) Impostos de exacción obrigatoria.
- b) Impostos de exacción voluntaria.
- c) As respostas a) e b) son correctas.
- d) Todas as anteriores son falsas.

32. En relación coa ordenación de pagos regulada no artigo 186 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais non é correcto que:

- a) O Presidente da entidade local poderá crear unha unidade de ordenación de pagamentos.
- b) A unidade exercerá as funcións administrativas da ordenación de pagamentos.
- c) A autoridade superior da unidade de ordenación de pagos corresponde ao presidente da entidade local.

d) Todas as anteriores son falsas.

33. En relación á indemnización asociada á responsabilidade patrimonial da Administración pública, regulada no artigo 34 da Lei 40/2015 (sinale a resposta correcta):

- a) A indemnización poderá substituírse por unha compensación en especie, en todo caso.
- b) A indemnización poderá ser abonada mediante pagamentos periódicos, cando resulte más adecuado para lograr a reparación debida e conveña ao interese público, exista ou non acordo co interesado.
- c) A contía da indemnización calcularase con referencia ao día no que efectivamente a lesión se produciu.
- d) A contía da indemnización calcularase con referencia a data na que se poña fin ao procedemento.

34. De conformidade co artigo 72 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, a estruturación dos recursos humanos levará a cabo de acordo ás normas que regulan (sinale a incorrecta):

- a) A selección.
- b) A mobilidade.
- c) A igualdade.
- d) A promoción persoal.

35. O Concello de Redondela está a elaborar unha nova relación de postos de traballo, conforme aos artigos 38 e 39 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, cal das seguintes cuestións non é correcta respecto do seu contido?

- a) O código alfanumérico, denominación e natureza xurídica.
- b) Referirse a todos os postos de natureza funcional, laboral e eventual.
- c) Incluirá a experiencia para a provisión dos postos, tan só nos casos nos que proceda.

d) Debe conter a adscrición orgánica dos postos.

36. Conforme ao artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o procedemento para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva iniciarase:

- a) Por solicitude da persoa interesada.
- b) De oficio ou por solicitude da persoa interesada.
- c) De oficio, mediante convocatoria aprobada polo órgano competente.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

37. De acordo co artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva:

- a) Non se admite en ningún caso a presentación de declaración responsable como elemento substitutivo de documentos obligatorios.
- b) A norma reguladora da subvención poderá admitir a substitución de documentos pola presentación de declaración responsable, debendo requirir con anterioridade á proposta de resolución de concesión da subvención para que se acrediten os datos consignados na declaración nun prazo non superior a 15 días.
- c) A norma reguladora da subvención podrá admitir a substitución de documentos pola presentación de declaración responsable, debendo requirir con anterioridade á proposta de resolución de concesión da subvención para que se acrediten os datos consignados na declaración nun prazo non inferior a 10 días.
- d) A norma reguladora da subvención poderá admitir a substitución de documentos pola presentación de declaración responsable, debendo requirir con anterioridade á xustificación da subvención para que se acrediten os datos consignados na declaración nun prazo non inferior a 10 días.

38. Segundo o disposto no artigo 47.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, requírese maioría absoluta para a aprobación de

operacións financeiras ou de crédito, concesións de quitas ou esperas, cando o seu importe:

- a) Supere o 1 por cento dos recursos comúns do orzamento.
- b) Supere o 5 por cento dos recursos comúns do orzamento.
- c) Supere o 10 por cento dos recursos comúns do orzamento.
- d) Non supere o 10 por cento dos recursos comúns do orzamento.

39. O artigo 134 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece no relativo ás Comisións informativas que:

- a) As Comisións informativas celebrarán sesións comúns e extraordinarias coa periodicidade que acorde o Pleno no momento de constituílas, nos días e horas que estableza o alcalde ou presidente da corporación, ou o seu respectivo presidente, quen poderá así mesmo convocar sesións extraordinarias ou urxentes das mesmas.
- b) O alcalde ou presidente da corporación, ou o presidente da comisión, estará obrigado a convocar sesión extraordinaria cando o solicite a terceira parte, polo menos, dos membros da comisión.
- c) As convocatorias corresponden ao alcalde ou presidente da corporación ou ao presidente da comisión e deberán ser notificadas aos membros da comisión ou, no seu caso, aos grupos municipais cunha antelación de dous días hábiles, salvo as urxentes. En todo caso, acompañarase da orde do día.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

40. De acordo co artigo 228.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; cando algunha das asociacións ou entidades a que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, desexe efectuar unha exposición ante o Pleno en relación con algún punto da orde do día poderá expoñer o seu parecer coa autorización do Alcalde:

- a) A través dos representantes que se designen sin limitación.
- b) A través dunha única persoa representante.

- c) A través dun máximo de tres persoas representantes.
- d) A través das persoas que ostenten os cargos de secretaria/o ou presidenta/e.

PREGUNTAS DE RESERVA

1. De acordo co artigo 228.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais cando algunha das asociacións ou entidades a que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, desexe efectuar unha exposición ante o Pleno en relación con algún punto da orde do día poderá expoñer o seu parecer coa autorización do Alcalde:

- a) Sen limitación polo tipo de asunto de que se trate.
- b) Só nos asuntos en cuxa tramitación tiveran intervido como interesadas.
- c) Só nos asuntos que garden relación co seu obxecto social.
- d) Todas as anteriores son correctas.

2. Entre os criterios cualitativos que o artigo 145.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, establece para a adxudicación do contrato atópase:

- a) O prezo ofertado, sen IVE.
- b) O cálculo do custo de ciclo de vida.
- c) A calidade, a organización e cualificación do persoal adscrito, ou o servizo posventa.
- d) Unicamente os custos.

3. Tendo en conta o artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que regula o cómputo de prazos, si un prazo se fixase por meses, o prazo concluirá:

- a) O mesmo día en que se produciu a notificación, publicación ou silencio administrativo no mes de vencemento.
- b) O día seguinte ao que se produciu a notificación, publicación ou silencio administrativo no mes de vencemento.
- c) Aos trinta días contados a partir do día seguinte en que se produciu a notificación, publicación ou silencio administrativo.

d) O último día hábil do mes seguinte á data en que se produciu a notificación, publicación ou silencio administrativo.

4. De acordo co artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, cal das seguintes potestades non se lles atribúe ás administracións públicas de carácter territorial?

- a) Potestade lexislativa.
- b) Potestade de revisión de oficio dos seus actos e acordos.
- c) Potestade de ejecución forzosa e sancionadora.
- d) Potestade de programación ou planificación.

5. Tendo en conta o estipulado no artigo 192 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, cal é a duración máxima en que se debe tramitar e resolver un procedemento disciplinario?

- a) Seis meses.
- b) Un ano.
- c) Tres meses.
- d) Nove meses.



**SOLUCIÓNS DO PRIMEIRO EXERCICIO
FASE DE PROMOCIÓN INTERNA PARA DÚAS
PRAZAS DE ADMINISTRATIVA**

Xurxo Martínez González (1 para 1)
Técnico de Normalización Língüística
Data de Sintaxis: 07/06/2024
HASH: 9e5a84836cf194fc0ff45a6f673e5



SOLUCIÓNS

1	C
2	A
3	D
4	B
5	D
6	C
7	C
8	D
9	A
10	A
11	C
12	D
13	C
14	B
15	B
16	C
17	A
18	A
19	D
20	C
21	C
22	C
23	A
24	D
25	C
26	C
27	D
28	D
29	C
30	C
31	B
32	A
33	C
34	C
35	B
36	C
37	B
38	C
39	C
40	B



PREGUNTAS DE RESERVA

1	B
2	C
3	A
4	A
5	B

